



# Provincial Escolar Benxamín en pista Prov. Escolar de Combinadas Alevín

Pontevedra, 31 de maio de 2020  
Centro Galego de Tecnificación Deportiva



**Art.1).** As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as 20:00 horas do **xoves 21 de maio**. Asemade, deberá enviarse a [pontevedra@atletismo.gal](mailto:pontevedra@atletismo.gal) os compoñentes dos equipos de remudas.

Publicarase na web <http://atletismo.gal> o listado de inscritos. Aqueles atletas que renuncien a algunha proba deberán comunicalo a [pontevedra@atletismo.gal](mailto:pontevedra@atletismo.gal) ata as 20:00 horas do mércores 27 de maio. Con posterioridade a esta data, aqueles atletas que se atopen inscritos en máis probas das permitidas renunciarán, automaticamente, a aquelas nas que se atopen peor clasificados nos listados de inscrición a dita data.

Poderá seguirse en dita web o listado coa última hora de actualización, co fin de que si renuncia algún atleta clasificado poida participar o seguinte con mellor marca.

## **Art.2).** Limitación na participación:

### ❖ BENXAMÍN:

- Poderán participar os atletas coas 16 mellores marcas dos inscritos, sendo soamente válidas as marcas realizadas nas fases previas.
- Cada atleta poderá participar nun máximo de 2 probas. No caso de ser carreiras, somentes unha poderá superar os 250m. **As remudas non computan como proba.**
- Na proba de **remudas** acadarán praza de participación as **entidades** coas 16 mellores marcas dos inscritos, podendo acadar ata dúas prazas por entidade. Para optar á segunda praza é preciso que non sexa partícipe das dúas marcas un mesmo atleta, tendo por tanto que ser realizadas por 8 integrantes diferentes. As prazas acadadas poderán ser integradas por calqueira atleta, participase ou non na súa clasificación.

### ❖ ALEVÍN:

- A participación é aberta, sendo o número máximo de participantes por entidade e categoría de 6 ata un máximo de 32 atletas inscritos por proba. No caso de superar este máximo, reducirase o número máximo de participantes por entidade.

**Art.3).** Os atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible no peito, en toda a súa superficie. O incumprimento de esta norma será motivo de descalificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

**Art.4).** Os dorsais serán recollidos polo delegado do club ata media hora antes do comezo das probas.

**Art.5).** **Número de intentos:** Realizarase mellora nos concursos, agás nos saltos verticais e as combinadas.

**Art.6).** **Cadencia da altura:** 0,80 – 0,85 – 0,90 – 0,95 – 1,00 e de 3 en 3 cm.

**Art.7).** **Distancia das táboas de lonxitude:** 1 e 3m.

**Art.8).** Nas probas de velocidade non é obrigatoria a saída con 4 apoios.



## Provincial Escolar Benxamín en pista Prov. Escolar de Combinadas Alevín

Pontevedra, 31 de maio de 2020  
Centro Galego de Tecnificación Deportiva



### Art.9). Horario:

BENXAMÍN				
MASCULINO		Hora	FEMININO	
Lonxitude	1.000 m Marcha	10:00	Altura	1.000 m Marcha
			Peso 1 kg	
	50 ml	11:10		
Peso 1 kg		11:15	Pelota 200 gr	
		11:25		50 ml
Altura		11:30		
		11:40		1.000 ml
	1.000 ml	11:50		
		12:05		500 ml
Pelota 200 gr	500 ml	12:20	Lonxitude	
	4x50 ml	13:00		
		13:15		4x50 ml

Hora	Combinadas ALEVÍN	
	MASCULINO	FEMININO
10:20		60 ml
10:40	60 ml	
11:00		Lonxitude
11:20	Lonxitude	
12:20		Peso 2 kg
12:40	Peso 2 kg	

Art.10). Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas de atletismo en pista do programa Xogade, da F.G.A, R.F.E.A. e W.A.